



Concello de Lugo



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L.”

Lugo, 28 de setembro de 2021.

### REUNIDOS

Dunha parte, Dona Tareixa Ferreiro Tallón, con NIF 32.773.589-S, en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo (en adiante Concello), con NIF P-2702800-J, e enderezo en Praza Maior s/n, actuando en calidade de Tenenta da Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo, e Promoción da Lingua, conforme as atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local (XGL) os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo XGL número 28/452, de 17/7/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de 16/04/2021 na súas actuais redaccións.

Doutra parte, Don Antonio Viejo Puga, con DNI núm. 36.102.668-L, en representación de Corporación Hijos de Rivera S.L, con NIF B-70313507, con enderezo en R/ Jose María Rivera Corral nº6 A Coruña, ambas partes recoñecen a capacidade mutua para subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e

### MANIFESTAN

Que , de conformidade co disposto nos artigos 25.1 e 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 e 2 de la Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, respectivamente, o Concello de Lugo ten como competencias, no seu municipio, entre outras: (i) a promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (ii) a promoción da cultura, actividades e instalacións culturais; e (iii) a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Que no exercicio das devanditas competencias, o Concello de Lugo, está interesado en promover distintos proxectos e actividades socioculturais e de promoción turística en Lugo, e como todos os anos, pon en marcha o San Froilán 2021, marcado aínda pola pandemia do Covid19 o que provoca que se aminorara o número de actos e actividades. Realizaranse concertos en tres prazas da cidade, unha exposición con diversas actividades arredor do traxe tradicional galego denominada Cultura e Tradición no Camiño e tamén haberá unha nova edición do San Froilán Miúdo no patio do edificio administrativo do Concello. Será un San Froilán diferente, focalizando especialmente o aspecto cultural fronte ao festivo.



MURALLA

Que, a súa vez, CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. está interesada en prestar a súa colaboración co Concello de Lugo no fomento e apoio de proxectos e actividades socioculturais, de promoción turística e festas e, no seu caso, desenvolvemento dos mesmos, nos termos dispostos no presente documento.

Que, a tales efectos, o artigo. 48.3 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, permite a subscripción de convenios co fin de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Visto o interese da entidade CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L. por colaborar co Concello de Lugo no desenvolvemento de distintos proxectos e actividades socioculturais e de promoción turística en Lugo, e especialmente, o San Froilán-2021, polo que, ambas partes acordan asinar este Convenio de Colaboración, acolléndose ao contemplado no artigo. 47.2.c) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Local xurídico do sector público, que permite os convenios entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado, e o artigo. 25.1 da lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

## CONVENEN

**PRIMEIRO.-** O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre o Concello de Lugo e CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L. a fin de fomentar, impulsar e apoiar as actividades socioculturais e de promoción turística e festas no Concello, e, en especial, á festa do “San Froilán 2021”, que se celebrará entre os días 4 ao 12 de outubro de 2021. A celebración da festa, entendida como promoción e prestación dun servizo público que contribúe a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, é competencia do Concello de Lugo, segundo o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**SEGUNDO.-** Como parte desta colaboración, a entidade CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L., aporta voluntariamente a cantidade de 10.000,00 euros para contribuír aos gastos relativos ao fomento e desenvolvemento por parte do Concello, das festas, eventos e/o proxectos socioculturais ou de promoción turística no Concello, e, en especial, a celebración do “San Froilán 2021”. Dita cantidade ingresárase na conta do Concello número ES59 2080/0101/ 56/3110000947, sempre con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente á sinatura do convenio. O Concello asumirá a organización, coordinación e desenvolvemento dos eventos, actividades e/o festas obxecto desde convenio na súa integridade, e especialmente, a festa do “San Froilán 2021” (no seu caso, infraestructuras, necesidades técnicas de produción, publicidade, venda de entradas, dereitos de autor, seguridade, contratación, etc.) mantendo íntegramente indemne a CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. de calquera responsabilidade de





Concello de Lugo



calquera índole e natureza, derivada das mesas. En todo caso, as partes manifestan expresamente que a aportación de CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. de acordó ao disposto neste cláusula, en ningún caso, resulta superior os gastos previstos para a execución da mesma. O Concello de Lugo expedirá as certificacións oportunas ás aportacións realizadas aos efectos legais, e concretamente, a Certificación Xustificativa da recepción da aportación realizada pola entidade CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. emitindo o Concello, a tal efecto, os correspondentes documentos que así o acrediten.

**TERCEIRO.-** Pola súa parte, o Concello de Lugo asume expresamente fronte a CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. o compromiso de considerarlle colaborador institucional do Concello de Lugo, e, en especial, da festa do “San Froilán 2021”, considerada de interese xeral polo Concello, e incluírá, na condición de colaborador institucional, os logotipos da entidade CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L.- ESTRELLA GALICIA nos programas e calquera soportes de festas, proxectos, e/o eventos socioculturais, musicais o turísticos, e especialmente nos carteis e programas realizados con motivo do “*San Froilán 2021*” e difundirá por todos os medios de comunicación, páxina web e redes sociais que utilice para a difusión da festa, a participación da entidade colaboradora nela. Ao finalizar a vixencia do presente convenio, o Concello enviaralle á entidade colaboradora, á Certificación informativa das actividades realizadas ás que foi destinada a aportación económica. Ademais, o Concello incluírá a CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L., con carácter xeral, en calquera enumeración de colaboradores institucionais do Concello que resulte efectuada no ámbito de festas, especialmente no “San Froilán 2021” e/o calquera actividades eventos e/o proxectos culturais ou de promoción turística en Lugo, que poidan ser considerados de interese xeral polo Concello. Así mesmo, o Concello declara ter feito a tramitación legalmente establecida na normativa que lle resulta aplicable, en xeral, e no artigo 50 de la LRXSP, en particular, incluído a realización da preceptiva Memoria Xustificativa, en virtude da cal, o Concello analiza a necesidade do convenio, a súa oportunidade, o impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e, o cumprimento de todos os termos previstos en la LRXSP, e a dita documentación poderá ter acceso CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. si así o solicita. O Concello de Lugo recoñecerá ao grupo empresarial de CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. como colaborador institucional principal del sector de bebidas correspondente ao mesmo, nos eventos e/o proxectos socioculturais de Lugo, a cuxo desenvolvemento vai destinada a aportación realizada no marco deste convenio, e, en especial, no “San Froilán 2021”.

**CUARTO.-** O incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio de colaboración dará lugar á rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes. Serán causa de extinción do Convenio igualmente as expostas no artigo. 51.2 da lei 40/2015. En casos de forza maior que faga o cumprimento do convenio imposible, o convenio entenderase resolto dende a data da comunicación remitida por calquera das partes, tengo que devolver o Concello as aportación económicas, de maneira

íntegra, a CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. Se entenderá por forza maior os terremotos, tifóns, pandemias (COVID-19), epidemias, inundacións, incendios e outros desastres naturais, guerras, disturbios e acción militares similares, embargos, outras restricións e accións do goberno.

**QUINTA.-** Este Convenio ten a consideración de Convenio de colaboración, e non constitúe en ningún caso contrato de patrocinio nin de prestación de servizos. O seu réxime xurídico será o contido na seguinte lexislación:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

**SEXTO.-** As dúbidas que se presenten na interpretación e execución deste Convenio de colaboración serán resoltas por unha Comisión Mixta integrada por dous membros de cada unha das partes, resolvendo, no seu caso, os problemas de interpretación e/o cumprimento que poideran plantexarse. Ao respecto, as partes se comprometen a tratar de solucionar de boa fe calquera controversia surxida entre elas pola razón dos termos o interpretación o execución do presente convenio, así coma facer seus mellores esforzos por adoptar os acordar e poner en marcha as iniciativas necesarias para o cumprimento e desenvolvemento do mesmo..

**SÉTIMO.-** Este Convenio non será prorrogable e estará en vigor desde a data da súa sinatura ata o día 12 de outubro de 2021.

**OCTAVA.-** As partes informarán aos respectivos representantes legais deste contrato que os seus datos persoais, conforme se reflicten nos respectivos encabezamentos, se incorporaran aos ficheiros de cada una de elas a efectos da xestión da presente relación contractual. Tales representantes, en calidade de Titulares dos Datos, toman debido coñecemento de que poden exercer os seus dereitos por correo dirixido a sede da parte correspondente.





Concello de Lugo



Por todo o exposto, asinan as partes o presente convenio por triplicado, en proba da conformidade na arriba expresada.

A TENENTA DA ALCALDESA DELEGADA  
DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E  
PROMOCIÓN DA LINGUA

EMPRESA  
CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA,  
S.L.

Firmado por TAREIXA ANTÍA FERREIRO  
TALLÓN - 32773589S el día 06/10/2021  
con un certificado emitido por  
Camerfirma AAPP II - 2014

  
A Asdo. Tareixa A. Ferreiro Tallón  
A Puga